

Resolución pola que se nomea a comisión de selección que deberá cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante o sistema de concurso de méritos, publicado por Resolución do 29 de decembro de 2022.

Mediante Resolución de 29 de decembro de 2022, a directora xerente de SEAGA convocou proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante o sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA).

O punto IV de dita resolución establece que a comisión de selección será nomeada pola Directora-Xerente, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Nomear a composición da comisión de selección no proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, de 28 de decembro, mediante o sistema de concurso de méritos, segundo consta a continuación:

Comisión de Selección Titular:

Presidencia: Marta Forés Lojo, Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico da Consellería do Medio Rural.

Secretaría: M^a Jesús Cobas Ríos, Xefa de RR.HH. da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos.

Vogal: Alejandro Crespi Rodríguez, Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Consellería do Medio Rural.

Comisión de Selección Suplente:

Presidencia: Martín Martínez Abal, Director Técnico da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos.

Secretaría: Marta Vázquez Rodríguez, Técnica Provincial da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos.

Vogal: Raimundo Elisardo Castaño Bascoy, Xefe do Departamento de protección da Calidade Diferenciada na Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A Directora-Xerente
M^a Luisa Piñeiro Arcos

